Mi familia

Agonía



MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA

Cultura e Turismo

Julia Minguillón

(Lugo, 1906 - Madrid, 1965)

O Museo Provincial posúe unha sala monográfica dedicada á pintora lucense Julia Minguillón, a única muller premiada cunha Primeira Medalla, a Medalla de Ouro, nas Exposicións Nacionais de Belas Artes. Concedéronlla no ano 1941 polo emblemático cadro *A escola de Doloriñas*, que é un dos que se exhiben na sala. Representa o interior dunha escola rural e pintouno durante unha estancia de repouso en Lourenzá. É a súa obra máis importante, pero xunto a ela están expostas outras pinturas moi significativas da evolución plástica e formal da autora. Contemplar o conxunto de cadros do museo dá a oportunidade de coñecer e valorar a pintura de Julia Minguillón.

Escola de Doloriñas.

Podemos aproximarnos ás primeiras pinturas, aquelas que xa revelaban o seu talento e anticipaban a súa personalidade pictórica, como *O Retrato de Cascarilla*, obra anecdótica coa que consegue en 1927 a bolsa da Deputación de Lugo para ingresar na Escola Superior de Pintura, Escultura e Gravado de San Fernando en Madrid. E tamén podemos achegarnos a algunha das súas últimas obras, como a de temática relixiosa titulada *Agonía*, realizada en 1964, na que Julia Minguillón interpreta a Crucifixión de Cristo.

O percorrido a través desta colección evidencia a evolución técnica da pintora. Julia foi depurando o seu traballo ata alcanzar o dominio da materia e a cor. Utilizou o propio soporte como elemento de entoación cromática. Buscou o xeito de depositar a materia con lixeiros e precisos *restregados*. Demostrou facilidade para organizar as figuras e elaborar grandes composicións caracterizadas polo elevado punto de visión das escenas.

A colección do museo tamén mostra o interese da artista polo retrato, ao que lle dedicou gran parte da súa produción.

Retrato de Cascarilla

Pepiña na fonte

L.Y./Departamento de Belas Artes